



SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL

MEMORIA ANUAL DE INSPECCIÓN AMBIENTAL

ANO 2022

ÍNDICE:

Lista de acrónimos

- 1. Obxecto**
- 2. Actuacións realizadas polo Servizo de Intervención Ambiental**
- 3. Persoal da Inspección Ambiental**
- 4. Actuacións de control e inspeccións realizadas en 2022**
- 5. Inspeccións realizadas polos Inspectores Ambientais**
- 6. Inspeccións realizadas pola Policía Autonómica de Galicia (UPA)**
- 7. Indicadores Ambientais Programa 2022**

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Data	07/03/2023
	MEMORIA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2022	Páxina	2 de 32

LISTA DE ACRÓNIMOS EMPREGADOS

AAI: Autorización ambiental integrada, acorde coa Directiva de Emisións Industriais (DEI)

APCA: Actividade Potencialmente contaminadora da Atmosfera

CCAA: Comunidades Autónomas

CMTV: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

COVs: Compuestos Orgánicos Volátiles

DEI: Directiva de emisións industriais, traspuesta polo RDL 1/2016 polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación

EDAR: Estación depuradora de augas residuais urbanas

EDARI: Estación depuradora de augas residuais industriais

GFO: Garantía Financeira Obrigatoria

IGAMAOT: Inspeção-Geral da Agricultura, do Mar, do Ambiente e do Ordenamento do Território, de la República de Portugal.

IMPEL: Rede de autoridades ambientais dos Estados membros e do Espazo Económico Europeo

IPPC: Prevención e control integrado da contaminación. (Integrated Pollution Prevention and Control) Directiva derogada pola actual Directiva de Emisións Industriais (DEI)

IRAM: Método integrado de avaliación de riscos ambientais. (Integrated Risk Assessment Methodology)

LMAG: Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia.

LRMA: Lei de responsabilidade ambiental.

MITERD: Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico

OCA: Organismo de Control Autorizado.

PRTR: Rexistro de Emisións e Fontes Contaminantes (Pollution Releases and Transfer Register)

RAEEs: Residuos de aparellos eléctricos e electrónicos

REACH: Regulamento (CE) No 1907/2006 sobre rexistro, avaliación, autorización e restrición de substancias e preparados químicos.

RCDs: Residuos de construción e demolición

REDIA: Rede de inspección ambiental de España (cooperación e intercambio CCAA - MITERD)

RSUs: Residuos sólidos urbanos

RMA: Responsabilidade Ambiental.

RMCEI: (Recommendation 2001/331/EC providing Minimum Criteria for Environmental Inspections) Recomendación sobre Criterios Mínimos das Inspeccións Ambientais de actividades IPPC

RNP: Residuos non perigosos

RP: Residuos perigosos

SEPRONA: Servizo de Protección da Natureza, da Garda Civil

UPA: Unidade de Policía Nacional adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia

VFU: Vehículos fóra de vida útil.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Data	07/03/2023
	MEMORIA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2022	Páxina	3 de 32

1. OBXECTO DA MEMORIA ANUAL

O Decreto 7/2019, do 9 de xaneiro, de inspección ambiental de Galicia, esixe á elaboración de plans plurianuais de inspección ambiental (está vixente o Plan de Inspección Ambiental de Galicia 2019-2024) coa finalidade de articular, programar e racionalizar as inspeccións ambientais que se efectúe en Galicia e, baseándose en dito Plan, a elaboración de programas anuais que inclúa a frecuencia das visitas de inspección aos distintos tipos de instalacións e actividades cubertas polo devandito plan.

O Artigo 12 do Decreto 7/2019, do 9 de xaneiro, de inspección ambiental de Galicia, establece que a dirección xeral competente en materia de calidade ambiental elaborará anualmente unha memoria na que se describan e se avalíen as actuacións inspectoras realizadas e os seus resultados, así como o grado de cumprimento da planificación das inspeccións ambientais.

De acordo co ese artigo 12 elabórase este documento que describe e cuantifica as actividades e actuacións realizadas pola inspección ambiental e o grao de cumprimento do Programa de Inspección Ambiental de Galicia 2022.

2. ACTUACIÓNS REALIZADAS POLO SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL

Durante o ano 2022, no Servizo de Intervención Ambiental realizáronse as seguintes actuacións:

2.1. Planificación e Control

- ✓ Elaboración, planificación e coordinación das actuacións do Programa de inspección ambiental 2022.
- ✓ Elaboración da Memoria do ano 2021.
- ✓ Elaboración e aprobación do plan de Inspección 2022-2026 de explotacións gandeiras IPPC (suxeitas ao RDL 1/2016 de prevención e control integrado da contaminación)
- ✓ Elaboración de documentos e informes da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático e da Subdirección Xeral de Coordinación Ambiental.
- ✓ Control e análise das inspeccións realizadas polo persoal da Inspección ambiental.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Data	07/03/2023
	MEMORIA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2022	Páxina	4 de 32

- ✓ Traslado dos incumprimentos da normativa legal detectados ao Servizo Xurídico, ou a outro organismo competente no incumprimento detectado.
- ✓ Control e análise das inspeccións realizadas pola UPA para, se é o caso, pasar ao Servizo Xurídico por detectarse incumprimento da normativa legal, ou a remisión a outro organismo por ser da súa competencia.
- ✓ Colaboración e coordinación co 112 en relación á comunicación de emerxencias ambientais e/ou incidencias ambientais
- ✓ Videoconferencias periódicas co equipo de inspectores para comunicar innovacións, compartir dúbidas e homoxeneizar de criterios.
- ✓ No ámbito interno do Servizo de Intervención Ambiental, finalizouse o uso de programa de xestión Bemus como plataforma de xestión do noso Sistema de Xestión de Calidade, de acordo coa norma UNE-EN ISO 9001:2015.
- ✓ Durante 2022 actualizáronse os procedementos xerais para eliminar as referencias aos aplicativos KmKey e Bemus.
- ✓ Elaborándose checklist de inspección para vertedoiros (dacordo co RD 646/2020) e checklist para granxas- cumprimento MTDs.

2.2. Formación

- ✓ Curso co-organizado coa EGAP, PU22006: “III Curso Superior de Inspección Ambiental”tivas de resposta en terra do Plan CAMGAL”, de 50 horas. Realizouse nos meses áronse dúas sesións: a primeira realizada nos meses de marzo, abril, maio e xuño.
- ✓ Participación da Inspección Ambiental no curso organizado polo Servizo de Resíduos: “Plataforma GAIA”
- ✓ Participación da Inspección Ambiental no curso organizado polo Servizo de IPPC: “Seguimento das AAI”
- ✓ Xornadas coa UPA para a formación dos subprogramas indicados no Programa de Inspección.
- ✓ En relación co procedemento de cualificación e recualificación do persoal inspector, aumentouse no 2022 as inspeccións conxuntas.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Data	07/03/2023
	MEMORIA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2022	Páxina	5 de 32

2.3. Participación en redes e foros de inspectores ambientais

I.- REDIA

1.-Realizáronse dúas reunións plenarias no contexto de REDIA e coa colaboración do MITERD:

- unha por videoconferencia o día 15 de maio.

- unha reunión en Canarias o 21 de outubro con participantes de varias comunidades por videoconferencia.

2.- Unha reunión de REDIA coas administracións no ámbito de IPPC e o PRTR o 17 de novembro de 2022.

No ámbito destas reunións propóñense varios grupos de traballo e Galicia participa en catro que son: inspección de vertedoiros, inspección de granxas, coordinación con órganos sancionadores e no proxecto dunha plataforma informática de traballo REDIA.

II.- IMPEL

Participación do persoal inspector do Servizo de Inspección Ambiental en diversos Grupos de traballo IMPEL (Rede europea para a aplicación e cumprimento da lexislación ambiental): Granxasm Economía Circular e REACH.

2.4. Responsabilidade Medioambiental

- ✓ Control e inspeccións de todas as actividades de prioridade 2, segundo a Orde ARM/1783/2011 de 22 de xuño, que presentaron GFO conforme á Lei de Responsabilidade Medioambiental.
- ✓ Revisión e control das declaracións responsables de actividades de prioridade 2 segundo a Orde ARM/1783/2011, de 22 de xuño .

2.5. Certificación UNE EN ISO 9001:2015.

- ✓ Acórdase pospoñer a Renovación do Certificado ISO 9001 para marzo do 2023 a efectos de sincronizar e optimizar esforzos de análise e programación .

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Data	07/03/2023
	MEMORIA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2022	Páxina	6 de 32

3. PERSOAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA

A inspección ambiental de Galicia contou con 18 inspectores ambientais operativos distribuídos en 5 servizos:

No Servizo de Intervención Ambiental, en Santiago de Compostela: 9 inspectores, unha dela compartindo labores de inspección, planificación e revisión, 2 técnicos de apoio na planificación e 1 administrativa.

No Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental de A Coruña: 2 inspectores.

No Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental de Lugo: 2 inspectores.


No Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental de Ourense: 2 inspectores.

No Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental de Pontevedra: 3 inspectores.

4. ACTUACIÓNS DE CONTROL E INSPECCIÓN REALIZADAS EN 2022

As inspeccións e controis realizadas no 2022 enmárcase dentro do Programa de Inspección Ambiental 2022, programa anual no que se sinalan o conxunto de obxectivos e actuacións definidas, co fin de garantir o cumprimento das condicións ambientais establecidas pola lexislación ambiental aplicable.

No ano 2022 realizáronse un total de 1.294 actuacións de control e inspección ambiental: 247 polos inspectores ambientais e 1.047 polos axentes da UPA. Todas están rexistradas na aplicación GAIAMA eInspeccions.



 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Data	07/03/2023
	MEMORIA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2022	Páxina	7 de 32

Os controis realizados polos axentes da UPA son actuacións de vixilancia e investigacións comprobatorias de circunstancias ambientais concretas, moi definidas e dunha menor complexidade técnica.

Neste ano non se solicitaron inspeccións por OCA .

O Título II do Decreto 7/2019, do 9 de xaneiro, de inspección ambiental de Galicia, concreta o exercicio e organización da función inspectora. Neste título detállanse as clases de inspeccións ambientais que se poden realizar pola inspección ambiental:

1.- Clasificación pola existencia ou non dunha programación establecida: as inspeccións clasifícanse por inspeccións *programadas* ou prefixadas (están dentro dunha programa de inspeccións previsto) e inspeccións *non programadas* ou non prefixadas.

2.- Clasificación segundo a causa que as motivan: inspeccións previas ao otorgamento dunha autorización (inspeccións *preceptivas*), inspeccións *de oficio* durante o funcionamento dunha actividade e inspeccións en virtude dunha denuncia (*reactiva*). Tamén se realizan inspeccións *de seguimento* para comprobar se corrixiron as deficiencias detectadas na inspección anterior.

3.- Clasificación pola tipoloxía das instalacións o actividades inspeccionadas: inspeccións a actividades sometidas á normativa de prevención e control integrados da contaminación (*actividades IPPC*), inspeccións a actividades non sometidas á dita normativa (*actividades Non-IPPC*), inspeccións aos *traslados* transfronteirizos *de residuos*.


O Decreto de inspección impón a elaboración anual dun programa de inspección ambiental no que se indiquen as inspeccións prefixadas/programadas e as inspeccións non prefixadas/non programadas, distinguindo polo menos, entre as instalacións sometidas á normativa de prevención e control integrados da contaminación, as instalacións non sometidas a dita normativa e os traslados transfronteirizos de residuos. Ademais no programa anual debe establecerse os obxectivos a cumprir nas inspeccións prefixadas ou programadas e unha estimación das inspeccións non prefixadas ou non programadas baseándose na experiencia doutros anos.

No Programa de Inspección ambiental 2022, priorizáronse as inspeccións programadas a actividades IPPC e estableceuse unha estimación das inspeccións non programadas tendo en conta a experiencia dos últimos anos e sabendo que a maioría destas inspeccións non programadas débense realizar pola Inspección ambiental.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Data	07/03/2023
	MEMORIA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2022	Páxina	8 de 32

A continuación vaise detallar as inspeccións realizadas tomando como base o Programa de inspección ambiental 2022 e tendo en conta o tipo de inspeccións que se poden levar a cabo.

A seguinte gráfica indica un balance global do Programa de Inspección ambiental 2022, en relación aos obxectivos propostos para as inspeccións prefixadas/programadas e as estimacións propostas para as inspeccións prefixadas/non programadas:



A seguinte táboa reflicte a porcentaxe das inspeccións realizadas con respecto ao programado:

Tipo de inspección	Programa 2022	Inspeccións realizadas	Porcentaxe realizada/programada
Inspección ambiental programadas	199	150	75%
Inspección ambiental non programadas	160	97	61%
UPA Programadas	770	988	128%
UPA non Programadas	130	59	45%

Obsérvase que:

1. Para a inspección ambiental:

* A estimación proposta no Programa 2022 para as inspeccións non programadas foi superior ao realizado no ano 2022.

* A porcentaxe das inspeccións realizadas respecto ao programado foi dun 75%, esta porcentaxe é debido a varios factores:

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Data	07/03/2023
	MEMORIA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2022	Páxina	9 de 32

- No ano 2022 priorizouse as inspeccións programadas IPPC, que implicaron un esforzo en tempo de traballo. As inspeccións programadas ás granxas prospuxéronse á aprobación do Plan de inspección de granxas IPPC.
- Debido á priorizacións das inspeccións programadas IPPC , reducíronse ás inspeccións programadas non IPPC.
- Asignación a persoal inspector á realización de estudos sectoriais para facilitar unha mellor planificación, en detrimento das inspeccións programadas non IPPC.
- No ano 2022 elaborouse un Plan de inspección de granxas. Plan que se puxo en funcionamento en setembro.
- Por parte do Servizo de Intervención adicouse moito tempo a reunións con Amtega para mellorar a aplicación Gaia-eInspeccións, para unha maior automatización do procedemento de inspección e reducir a carga de traballo dos inspectores.
- Incremento das inspeccións conxuntas coa finalidade de homoxeneizar de forma práctica criterios de inspección, ademais de formar aos novos inspectores e servir como recualificación dos inspectores. Este aumento das inspeccións conxuntas aumentou o tempo das inspeccións dado que en moitas foron realizadas por inspectores de diferentes Servizos provinciais.


2.- Por outra parte, para a UPA, realizouse unha estimación moito maior para as investigacións non programadas e fixouse uns obxectivos menores nas programadas pola previsión de que ían incrementar o seu esforzo noutras competencias da comunidade autónoma coma a violencia de xénero ou os incendios.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Data	07/03/2023
	MEMORIA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2022	Páxina	10 de 32

5. INSPECCIÓN REALIZADAS POLA INSPECCIÓN AMBIENTAL

No ano 2022 os inspectores ambientais realizaron un total de 247 inspeccións: 150 programadas, 92 inspeccións non programadas e 5 inspeccións por emerxencia.


Na seguinte gráfica reflíctense a comparativa entre as inspeccións realizadas no 2022 respecto aos obxectivos programados/estimados no Programa de inspección:



As inspeccións programadas comprenden: as inspeccións programadas a actividades IPPC que dispoñen de AAI (chamadas verificacións ambientais), as inspeccións programadas ou prefixadas a actividades non IPPC e as de traslados de residuos transfronteirizos e polas estradas interiores.

As inspeccións non programadas comprenden as inspeccións de oficio, preceptivas, reactivas e de seguimento. Ademais realizáronse un total de 5 inspeccións por emerxencia.

No seguinte cadro se detalla o cumprimento dos diferentes subprogramas de 2022:



 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Data	07/03/2023
	MEMORIA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2022	Páxina	11 de 32


Na seguinte táboa reflíctense as porcentaxes do cumprimento do Programa de inspección:

Inspección Ambiental	Programa 2022	Inspeccións realizadas	Porcentaxe realizada/programada
Programadas IPPC	134	115	86 %
Non programadas IPPC	50	17	34 %
Programadas non IPPC	48	8	17 %
Non programadas non IPPC	90	74	82 %
Emerxencia	20	5	25 %
Programadas Traslados de residuos	17	28	165 %

Como se observa, cumpriuse o obxectivo prioritario de realizar un 80% das inspeccións IPPC programadas. A estimación das inspeccións non programadas IPPC foi maior do realmente realizado, dado que só se realizou un 34% do estimado no Programa de inspección 2022.

En relación as inspeccións non IPPC, realizouse un 82% da estimación indicada no Programa de inspección para as inspeccións non programadas pero a porcentaxe das inspeccións programadas foi moi baixo (un 17%) debido a que se priorizou a realización das inspeccións programadas IPPC.

Na seguinte gráfica reflíctense as inspeccións realizadas pola Inspección ambiental segundo o tipo de inspección:



Lémbrese que as inspeccións programadas IPPC, programadas non IPPC e control traslado residuos están dentro de subprogramas descritos no Programa de Inspección 2022 cuns procedementos e obxectivos determinados.

As demais inspeccións son inspeccións non programadas, que se realizan pola inspección ambiental cando son solicitadas, ben por motivo dunha emerxencia (incendio ou accidente), como consecuencia dunha denuncia en materia competencia de Medio ambiente (inspeccións reactivas),

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Data	07/03/2023
	MEMORIA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2022	Páxina	12 de 32

previa a outorgar unha autorización (inspeccións preceptivas) ou para comprobar que a actividade emendou as deficiencias atopadas na anterior inspección (inspección de seguimento).

En relación ás inspeccións non programadas, na seguinte gráfica reflíctense a porcentaxe das inspeccións por tipo realizadas no ano 2022:




Obsérvase que o 54% son inspeccións preceptivas, inspeccións previas a outorgar unha autorización. A maioría destas inspeccións son para ampliar ou modificar autorizacións de xestor de residuos.

En relación as 5 inspeccións de emerxencia: 4 foron como consecuencia de incendio e 1 foi por activación do Plan Camgal.

En relación as inspeccións de seguimento, nun 22% destas inspeccións comprobouse que as instalacións non corrixiran ningunha das deficiencias atopadas na inspección anterior.

O número de inspeccións non programadas varía en función de se é unha actividade IPPC ou non IPPC, como se observa na gráfica seguinte:




 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Data	07/03/2023
	MEMORIA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2022	Páxina	13 de 32

Vese que as inspeccións preceptivas son maioritarias en ambos tipos de actividades pero obsérvase que nas actividades non IPPC o número é moita maior co respecto ás inspeccións a actividades IPPC. Estas inspeccións á actividades non IPPC son maioritariamente inspeccións previas a outorgar a autorización como xestor de residuos, moitas delas para modificar as autorizacións xa outorgadas, ben para actualizar a autorización por nova normativa ambiental ou ben porque porque a actividade solicita ampliación da súa autorización porque queren incluír novos residuos a xestionar.

5.1. Inspeccións a actividades IPPC:

As inspeccións de **verificación ambiental** son as inspeccións periódicas a actividades IPPC con AAI para a comprobación dos condicionantes da AAI, segundo establece a propia normativa IPPC. Estas verificacións ambientais son inspeccións programadas de actividades IPPC con AAI e o seu alcance chega, salvo casos excepcionais, a todos os vectores ambientais comprendidos na autorización ambiental integrada (AAI).

Na seguinte gráfica reflíctense o número de inspeccións realizadas a actividades IPPC co respecto o número de inspeccións previstas no Programa de Inspección:



Na seguinte táboa reflíctense a porcentaxe das inspeccións realizadas respecto ao indicado no Programa 2022:

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Data	07/03/2023
	MEMORIA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2022	Páxina	14 de 32

Inspeccións a actividades con AAI	Previstas no Programa	Inspeccións realizadas	Porcentaxe realizada/programada
Programadas (Verificacións ambientais)	134	115	86 %
Non programadas	60	18	30 %

O valor obxectivo marcado foi de 134, acadándose o final no ano un total de 86, acadándose o obxectivo do 80%.

A porcentaxe deste 86% de inspeccións programadas IPPC está relacionado con:

- Menor porcentaxe de inspeccións realizadas non programadas co respecto a outros anos.
- Priorizouse este tipo de inspeccións co respecto ás inspeccións programadas non IPPC.

Debe indicarse que por parte da Inspección ambiental realizouse un esforzo dado que as inspeccións programadas a granxas realizáronse no último trimestre do ano, despois da aprobación do Plan de inspeccións de granxas.

5.1.1 Inspeccións programadas a actividades IPPC

As inspeccións programadas ás actividades con Autorización Ambiental Integrada (AAI) comprenden as comprobacións periódicas de cumprimento dos condicionantes da AAI. A frecuencia coa que se realizan as primeiras depende do Índice de Risco Ambiental: anual para as de risco alto, bienal para as de risco medio e trienal para as de risco baixo.


Dentro do Programa de Inspección ambiental 2022 se realizaron 115 inspeccións programadas a actividades con AAI. Dentro desta 115 inspeccións, 98 foron inspeccións para comprobar que cumpren os condicionantes indicados nas correspondentes AAI.

Nas outras 17 inspeccións comprobouse que:


- En 1 comprobouse que o vertedoiro cumpría os condicionantes indicados no RD 646/2020 de vertedoiros.
- En 4 inspeccións comprobouse que non estaba en actividade.
- En 12 inspeccións realizadas a granxas comprobouse que aínda non realizaron a ampliación das súas instalacións ou que, pola súa capacidade, non estaban afectadas pola Lei IPPC.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Data	07/03/2023
	MEMORIA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2022	Páxina	15 de 32

Nas seguintes gráficas indícanse as 98 verificacións ambientais realizadas no ano 2022, distribuídas por principais sectores de actividade na primeira, e por provincias na segunda.



Verificacións por sector	Nº inspeccións 2022
Industrial	30
Agropecuario	30
Residuos	16
Alimentación	22
Total	98



Verificacións por provincia	Nº inspeccións 2022
A Coruña	49
Lugo	7
Ourense	11
Pontevedra	31
Total	98

Indicar que este tipo de inspeccións requiren dun enorme esforzo de preparación da inspección debido a súa complexidade e extensa documentación do plan de vixilancia que se lle esixe a este tipo de actividades xunto co traballo que se debe facer a posteriori da visita “in situ” coa elaboración do informe que conleva como resultado final determinar o grado de cumprimento dos condicionantes da AAI das actividades inspeccionadas.

O grao de cumprimento da AAI da actividade inspeccionada obtense de acordo co seguinte cadro:

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Data	07/03/2023
	MEMORIA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2022	Páxina	16 de 32

LEENDA: GRAO DE CUMPRIMENTO DA AAI			
	POUCO RELEVANTES	RELEVANTES	MOI RELEVANTES
TOTAL	Non se atopan desviacións da AAI en ningún dos vectores ambientais ou as detectadas foron corrixidas durante a inspección		
MOI ALTO	1 - 3	0	0
ALTO	4 - 6	0	0
MEDIO	7 - 9	1 - 3	0
BAIXO	10 - 12	4 - 6	1 - 2
MOI BAIXO	> 12	> 6	> 2

O resultado do grao de cumprimento dos condicionantes da AAI das actividades inspeccionadas no 2022, indícase na seguinte gráfica:




Obsérvase que unha porcentaxe dun 43% das inspeccións non teñen ningunha desviación relevante para o medio ambiente, de acordo co indicado no cadro do cumprimento da AAI e un 40% de grao cumprimento Medio.

Estes datos contrastan cos datos do 2021 no que a porcentaxe das inspeccións sen ningunha desviación relevante foi un 60% e a porcentaxe do grao de cumprimento medio foi un 24%.

Unha xustificación desta diferenza ven debido a que nos últimos anos as actividades non subsanan as desviacións atopadas neste tipo de inspeccións e na inspección posterior, se a desviación continúa, pódese aumentar a gravidade desta desviación, pasando de pouco relevante a relevante.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Data	07/03/2023
	MEMORIA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2022	Páxina	17 de 32

Na seguinte gráfica reflíctese o grao de cumprimento por cada sector de actividade:



Obsérvase que é o sector de industria o que ten un maior grao de cumprimento total e Moi alto, co respecto as outros sectores pero que é o Medio o grao de cumprimento maior.

En relación ás inspeccións realizadas á granxas IPPC (no ámbito do Plan de Inspección 2022-2026 de explotacións gandeiras IPPC) un resumo das deficiencias observadas reflíctense na seguinte gráfica:




Vese que as maiores deficiencias observadas son dentro do vector de solos e augas subterráneas e despois dentro do vector de Meliores Técnicas Dispoñibles (MTDs), ámbolos dous debidos á problemática da xestión dos xurros.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Data	07/03/2023
	MEMORIA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2022	Páxina	18 de 32


5.1.2. Inspeccións non Programadas IPPC

O número de inspeccións non programadas realizadas a actividades IPPC foi de 18. A seguinte gráfica reflicte o número de inspeccións non programadas segundo sexan de oficio, reactivas (a partir de denuncias, principalmente), preceptivas (previas ao outorgamento dunha autorización) ou de seguimento.



No ano 2022 reduciuse o número de inspeccións non programadas IPPC en relación a anos anteriores.

A distribución de inspeccións non programadas a actividades IPPC en porcentaxe, apréciase na seguinte gráfica:




Obsérvase que no as inspeccións máis altas son as inspeccións preceptivas pero a porcentaxe das inspeccións preceptivas non é tan alta como nas inspeccións non IPPC.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Data	07/03/2023
	MEMORIA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2022	Páxina	19 de 32

5.2. Inspeccións a actividades non IPPC:

Na seguinte gráfica reflíctense o número de inspeccións realizadas a actividades non IPPC co respecto o número de inspeccións previstas no Programa de Inspección:




Na seguinte táboa reflíctese a porcentaxe das inspeccións realizadas co respecto ao indicado no Programa de inspección do 2022:

Inspeccións a actividades non AAI	Previstas no Programa	Inspeccións realizadas	Porcentaxe realizada/programada
Programadas	51	8	17
Non programadas	100	78	78

Obsérvase que no ano 2022 reduciuse o número de inspeccións programadas a actividades non IPPC. Como xa se xustificou anteriormente isto foi debido á priorización das inspeccións programadas IPPC, prioridade que ven esixida na normativa ambiental tanto a nivel estatal como europea.

Inspeccións Programadas a actividades non IPPC

Na seguinte gráfica sinálase as inspeccións programadas realizadas a actividades non IPPC no o 2022:



 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Data	07/03/2023
	MEMORIA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2022	Páxina	20 de 32

No ano 2022, continuación do ano 2020, realizáronse inspeccións a actividades suxeitas a Lei de Responsabilidade Ambiental (actividades de prioridade 2) co obxecto de comprobar se realizaron a análise de riscos ambiental conforme aos criterios indicados na Guía Técnica aprobada pola Comisión Técnica de Prevención e Reparación de Danos Ambientais e comprobación do cumprimento da constitución de garantía financeira obrigatoria.

No ano 2022 realizáronse 5 inspeccións a vertedoiros non IPPC para comprobar a situación e actividade actual, englobados dentro do plan de inspeccións que indica o RD 646/2020 de vertedoiros.

En relación coas inspeccións en materia de atmosfera : actividades potencialmente contaminadoras de atmosfera (APCAs) e actividades que producen ou emiten compostos orgánicos volatis, por acordo co LMAG paráronse estas inspeccións para realizar un estudo e análise sectorial.

No seguinte cadro, reflíctense a porcentaxe das inspeccións realizadas en relación co programado nos distintos subprogramas de actividades non IPPC:


Inspección Ambiental	Programa 2022	Inspeccións realizadas	Porcentaxe realizada/programada
Programadas non IPPC	51	8	16%
Atmosfera (COV's/APCAs)	10	0	0%
Vertedoiros non IPPC	3	5	167%
Xestores de RPs	10	0	0%
Xestores de residuos orgánicos	3	1	33%
Xestores de RnPs	10	0	0%
Xestores con comercio exterior de residuos	5	0	0%
Garantía Financeira Obrigatoria	10	2	20%

Inspeccións non programadas a actividades non IPPC


Realizáronse un total de 78 inspeccións non programadas a actividades non IPPC.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Data	07/03/2023
	MEMORIA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2022	Páxina	21 de 32

Na gráfica seguinte aparece o número de inspeccións de cada tipo: De oficio, preceptivas (previas a autorización), reactivas (a partir de denuncias, principalmente), por emerxencia ou incidencia ambiental e de seguimento.



Na seguinte gráfica reflíctese a porcentaxe destas inspeccións.




Obsérvase que máis da metade destas inspeccións son inspeccións preceptivas (previas a outorgar unha autorización ou para dala de baixa).

5.3. Inspeccións de control de traslados de residuos:

Neste apartado indícase as inspeccións levadas a cabo co obxecto de controlar o traslado de residuos na Comunidade Autónoma de Galicia e comprobar que no transporte se acompaña á documentación requirida na normativa medioambiental.

Na seguinte gráfica reflíctense o número de inspeccións realizadas no suprograma de control traslados de residuos co respecto o número de inspeccións previstas no Programa de Inspección:

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Data	07/03/2023
	MEMORIA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2022	Páxina	22 de 32



Na seguinte táboa indícase a porcentaxe das inspeccións realizadas en relación ao indicado no Programa de transfronteirizo de residuos:

Transfronteirizo de residuos	Previstas no Programa	Inspeccións realizadas	Porcentaxe realizada / programada
Programadas	17	28	165 %
Non programadas	2	1	50%

O control realízase desenvolvendo os seguintes subprogramas:


- Inspeccións programadas a operadores que importen/exporten residuos dende/cara Estados membros da Unión Europea
- Inspección en Portos: inspeccións de colaboración e/ou apoio que se solicite pola Administración Xeral do Estado en importacións ou exportacións de residuos a países non pertencentes á Unión Europea. No ano 2022 realizouse unha inspección en colaboración coa Garda Civil.
- Inspeccións en estradas, que se dividen en:
 - *en fronteiras ou estradas próximas ás fronteiras.
 - *en estradas do interior da Comunidade Autónoma de Galicia.

As inspeccións de traslados transfronteirizos de residuos fanse a operadores que exportan ou importan residuos, en portos de interese xeral e en estradas transfronteirizas con Portugal. Estes últimos son de dous tipos e fanse en colaboración coa Garda Civil e a *Inspeção-Geral da Agricultura, do Mar, do Ambiente e do Ordenamento do Território* (IGAMAOT) de Portugal.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Data	07/03/2023
	MEMORIA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2022	Páxina	23 de 32

O número de inspeccións previstas no subprograma de traslados de residuos transfronteirizos foi menor, en concreto se realizaron menos controis en estradas por menor demanda do IGAMAOT e da Garda Civil.


Os datos destas inspeccións resúmense na seguinte gráfica:



Na seguinte táboa indícase a porcentaxe das inspeccións realizadas en relación co indicado no Programa de inspección 2022:

Traslados de residuos	Previstas no Programa	Inspeccións realizadas	Porcentaxe realizada/programada
Operadores	8	19	238 %
En Portos	2	1	50%
En fronteiras ou estradas próximas a fronteiras	4	8	200 %
En estradas interiores	3	0	0 %
Programadas transfronterizas	17	28	165 %

No ano 2022 realizáronse as seguintes inspeccións:



 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Data	07/03/2023
	MEMORIA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2022	Páxina	24 de 32

Nestas inspeccións levadas a cabo neste apartado, compróbase que a documentación que acompaña ao transporte de residuos sexa a requirida na normativa ambiental:

- Se é un traslado de residuos entre Estados membros da Unión Europea, compróbase que o transporte leve o Anexo VII que se indica no Regulamento CE Nº 1013/2006 do Parlamento Europeo e do Consello de 14 de xuño do 2006, relativo aos traslados de residuos.
- Se é un traslado de residuos polo territorio de España, compróbase que o transporte leve o Documento de identificación de acordo co Real Decreto 180/2015, do 13 de marzo, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado. Indicar que a partir do 1 de xullo do 2020, derrógase esta norma e entra en vigor o Real Decreto 553/2020, de 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.


Como resultado das inspeccións realizadas en este Subprograma, compróbase que:

- Un 10% non acompañar o Anexo VII (nos traslados transfronteirizos) ou Documento de identificación (nos traslados nacionais) no traslado de residuos.
- un 10% o transportista non ten a inscrición como transportista.
- Un 10% levan sen etiquetar os residuos.
- Un 50 % levan o documento pero presentan deficiencias como datos incompletos ou erróneos (como data efectiva do traslado, tipo e destino do residuo). Con carácter xeral, detectáronse deficiencias significativas nos ANEXOS VII que entre outros aspectos impiden que quede acreditada a recepción e valorización dos residuos trasladados. Ademais, con carácter xeral, os CONTRATOS están deficientemente formulados, non inclúen as obrigas establecidas para o destinatario, e nalgúns casos presentan outras deficiencias importantes.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Data	07/03/2023
	MEMORIA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2022	Páxina	25 de 32

6. INSPECCIÓN REALIZADAS POLA UPA:

As seis sedes da UPA (A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo) realizaron un total de 1.047. Destas, 988 foron inspeccións programadas e 59 non programadas.




Na seguinte táboa indícase a porcentaxe das inspeccións realizadas en relación co indicado no Programa de inspección 2022:

Inspeccións realizadas pola UPA	Previstas no Programa	Inspeccións realizadas	Porcentaxe realizada/programada
Programadas	770	988	128
Non programadas	130	59	45


O número de inspección programadas foi de 770, acadándose o final no ano un total de 988, o que supón un 28% máis do programado. Fíxose unha programación de mínimos para vertedoiros incontrolados debido a que a UPA ía incrementar o seu esforzo noutras competencias da comunidade autónoma (violencia de xénero, patrimonio, incendios...). Finalmente mantívose o efectivo de persoal para as inspeccións ambientais, polo que se puideron ampliar as campañas.

O groso das inspeccións programadas realizadas pola UPA corresponde aos subprogramas de vertedoiros incontrolados e de talleres de reparación de vehículos, tal como se observa na seguinte gráfica:

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Data	07/03/2023
	MEMORIA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2022	Páxina	26 de 32



As inspeccións maioritarias son puntos de vertedoiros incontrolados. Na seguinte gráfica obsérvanse os puntos de incontrolados atopados por provincias:




Compróbase que moitos dos vertedoiros atopados no ano anterior están limpos pero aparecen outros puntos de vertedoiros. A maioría destes vertedoiros son residuos asimilables a urbanos, polo que dáse conta ao concello correspondente, para que dentro da súa competencia, xestione os residuos depositados ou requira ao titular da parcela a súa xestión.

En relación as inspeccións a talleres, obsérvase o traballo realizado pola UPA nestes anos xa que a maioría dos talleres están inscritos como pequenos produtores de residuos perigosos e xestionan axeitadamente os residuos que xera.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Data	07/03/2023
	MEMORIA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2022	Páxina	27 de 32


En relación ás inspeccións non programadas da UPA, 15 inspeccións son de investigación e 44 inspeccións son por denuncias o como consecuencia dun expediente sancionador.

Nas seguintes gráficas reflíctense o número de inspeccións realizadas segundo o vector inspeccionado:



Como se observa, a maioría das inspeccións por investigación son por tema de residuos. Tamén se observa a realización de inspeccións, dentro dun expediente sancionador de residuos, para comprobar aspectos indicados en dito expediente.

Na seguinte gráfica reflíctense o obxecto das inspeccións realizadas por denuncias :



Como se observa, a maioría das inspeccións por denuncias son por tema de residuos, ben por existencia de vertidos de denuncias ou de mala xestión de residuos.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Data	07/03/2023
	MEMORIA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2022	Páxina	28 de 32

7. INDICADORES AMBIENTAIS PROGRAMA 2022.

Para avaliar o resultado do traballo realizado pola Inspección Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia empréganse dous tipos de indicadores: os indicadores de actividade e os indicadores de resultados.

Os **indicadores de actividade** proporcionan información sobre o grao de execución do correspondente programa anual e a súa evolución temporal. Permiten avaliar a eficacia, ou capacidade de alcanzar os obxectivos propostos, e a intensidade do traballo da inspección ambiental.

Os **indicadores de resultados** proporcionan información sobre o aporte da IAG ao cumprimento da normativa ambiental. Son indicadores definidos no Plan de Inspección Ambiental 2019-2024.

A avaliación de resultados permite valorar a eficiencia, ou capacidade pola IAG de reforzar o cumprimento da normativa ambiental (Resultados ou “Outcomes”).

7.1. Indicadores de actividade:

Realízanse indicadores de actividade, que sintetizan a información sobre o número de inspeccións realizadas, tempo en realízalas e desviacións do número de inspeccións programadas (Accións ou “Outputs”) das inspeccións realizadas.

Os indicadores de actividade empregados son:

I. Inspeccións anuais realizadas.

Este indicador é o número de inspeccións realizadas no ano.

O obxectivo é que cada ano se realicen un mínimo de 400 inspeccións polos inspectores ambientais.

No ano 2022 o número total de inspeccións ambientais realizadas pola IAG foi:

Número de inspeccións realizadas pola IAG en 2021	2022
Tipo de inspección	
Inspeccións programadas non IPPC	8
Inspeccións Non programadas - Oficio	7
Inspeccións Non programadas - Preceptiva	52
Inspeccións Non programadas - Reactiva	22
Inspeccións Non programadas - Seguimento	10
Inspeccións Non programadas – Emerxencia ou incidencia ambiental	5
Inspeccións Programadas IPPC	115
Inspeccións traslado residuos	28
Total Inspectores ambientais	247

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Data	07/03/2023
	MEMORIA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2022	Páxina	29 de 32

Nº de inspeccións realizadas polos inspectores ambientais: 247

Obxectivo previsto no Programa: realizar un mínimo de 300 inspeccións no ano.

Porcentaxe de cumprimento do indicador: 82%

II. Cumprimento do Programa de inspección.

Indicador que reflicte si se cumpriron os obxectivos indicados no Programa de Inspección Ambiental. Este indicador reflicte paralelamente a calidade da planificación realizada.

Asociados a estes obxectivos atópase o Grao de Cumprimento que se expresa coma unha porcentaxe e que sería para cada subprograma o cociente das inspeccións que realmente se realizan entre o número fixado como obxectivo.

A meta a conseguir é realizar un **80%** de inspeccións en cada Suprograma.

cumprimento	90-100%	80-89%	70-79%	60-69%	< 60%
resultado	Excelente	Moi bo	Bo	Aceptable	A revisar

No ano 2022 a porcentaxe do cumprimento do programa:

Subprograma	Programa 2021	Realizadas	Porcentaxe
Actividades IPPC Programadas	134	115	86%
Actividades IPPC Non Programadas	60	18	30%
Actividades Non IPPC Programadas	51	8	34%
Actividades Non IPPC Non Programadas	100	78	78%
Traslados Residuos Programadas	17	27	159%

Obsérvase que para as actividades IPP programadas e as de traslados superouse o obxectivo mínimo do 80%.

No ano 2022 reduciuse o número de inspeccións programadas a actividades non IPPC. Como xa se xustificou anteriormente, foi debido á priorización das inspeccións programadas IPPC, prioridade que ven esixida na normativa ambiental tanto a nivel estatal como europea.

Este ano realizáronse menos inspeccións non programadas que a estimación indicada no Programa 2022, estimación de acordo con anos anteriores.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Data	07/03/2023
	MEMORIA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2022	Páxina	30 de 32

III. Indicador de prioridade e tempos

Este indicador valora o tempo de realización da inspección tendo en conta as prioridades de cada inspección.

Caso especial son as inspeccións programadas a actividades con AAI. Nestas inspeccións xa está programada a realización dunha verificación por mes para cada inspector/a.

Nas demais inspeccións, dependendo da prioridade que leve asociado unha inspección, unha vez solicitada a inspección, deberase realizar no periodo de tempo que se indica na seguinte táboa:

Prioridade	Urxente	Prioridade 1	Prioridade 2	Normal
Tempo	< 5 días	< 30 días	< 60 días	<90 días

No ano 2022, cumpriuse o 100% do grao de cumprimento das inspeccións de emerxencia ou moi urxentes.

No ano 2022 realizáronse un total de **5 inspeccións de emerxencia** (1 a actividades IPPC e 4 a actividades non IPPC). En todas elas se cumpriu o tempo de realización de inspección < 5 días.

IV.- Eficacia da inspección ambiental en actividades con AAI

Este indicador avalía a eficacia da actividade da inspección ambiental nas inspeccións programadas a actividades con AAI e a emenda das desviacións atopadas entre a visita de inspección e o informe definitivo da verificación ambiental.

O obxectivo deste indicador é acadar un 75% de subsanación de desviacións.

Este indicador non se avaliou este ano porque vaise modificar por outro dado que se modificou o procedemento das inspeccións programadas IPPC.

V.- Eficacia da inspección ambiental en inspeccións de seguimento

Este indicador avalía a eficacia da actividade da inspección nas inspeccións non IPPC e indica a subsanación das deficiencias nas inspeccións de seguimento.

O obxectivo deste indicador é poder acadar un 50% de subsanación de desviacións.

No ano 2022 se realizaron 5 inspeccións de seguimento a actividades non IPPC. Destas inspeccións 1 subsanou totalmente as deficiencias atopadas na inspección inicial e en 4 inspeccións non se subsanou as deficiencias atopadas na inspección inicial.

Isto supón que se acadou un **20 %** de subsanación de desviacións.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Data	07/03/2023
	MEMORIA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2022	Páxina	31 de 32

7.2.-Indicadores de resultados.

Os indicadores de resultados refírese ao resultado das inspeccións en relación ao cumprimento da normativa ambiental. Son indicadores definidos no Plan de Inspección Ambiental 2019-2024 e son os seguintes:

A. Grao de cumprimento das actividades con AAI

Este indicador avalía o resultado das verificacións ambientais, de acordo coa valoración do grao de cumprimento: Total, moi alto, medio, baixo e moi baixo.

Grao de cumprimento da AAI	Total ou Moi alto	Alto	Medio	Baixo	Moi baixo
% actividades				<20%	
Puntuación	5	4	3	2	1

O obxectivo deste indicador no Programa anual é conseguir que a porcentaxe das actividades con grao baixo e moi baixo sexa **<20%**.

O indicador no Plan de Inspección Ambiental 2019-2024 é a media do grao de cumprimento. O valor obtido se engadirá ao sumatorio indicado en dito Plan.

No 2021 os resultados son:

Grao de cumprimento da AAI	Total	Moi alto	Alto	Medio	Baixo	Moi Baixo
Nº actividades	11	26	7	34	8	0
% actividades	43%		8%	40%	9%	0%
Puntuación	5		4	3	2	1

Como se observa na táboa, a porcentaxe de instalacións inspeccionadas con grao de cumprimento baixo e moi baixo foi un **9 %**, polo que se conseguiu o obxectivo **<20%**.

B. Cumprimento da normativa ambiental para actividades non IPPC

O indicador é o número de inspeccións que se mandaron ao Servizo xurídico.

O grao de cumprimento é o cociente obtido do número de inspeccións enviada a xurídico polo total de inspeccións realizadas.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Data	07/03/2023
	MEMORIA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2022		Páxina	32 de 32

% envío para expedientes sancionadores non IPPC	<10%	10-25%	26-35%	36-50%	>51%
Situación	Boa	Regular	Mala	Moia mala	Non admisible
Puntuación	5	4	3	2	1

O obxectivo deste indicador é acadar a situación de boa ao remate do Plan de Inspección Ambiental 2019-2024.

No ano 2022, das 86 inspeccións realizadas a instalacións non IPPC (8 programadas e 78 non programadas), deuse traslado aos servizos xurídicos 3 inspeccións. Isto supón un 4%, o que supón unha situación BOA.

C. Cumprimento da normativa ambiental para traslados de residuos

O indicador é o número de inspeccións que se mandaron ao servizo xurídico.

O grao de cumprimento é o cociente obtido do número de inspeccións enviada a xurídico polo total de inspeccións realizadas.

% envío expedientes sancionadores de traslado residuos	<10%	10-25%	26-35%	36-50%	>51%
Situación	Boa	Regular	Mala	Moia mala	Non admisible
Puntuación	5	4	3	2	1

O obxectivo deste indicador é acadar a situación de boa ao remate do Plan de Inspección Ambiental 2019-2024.

No 2021 no control de traslado de residuos se pararon 11 camiós con residuos e se realizaron inspeccións a 19 operadores. Dos 98 camiós pasáronse a xurídicos 2. Das 19 inspeccións realizadas a operadores, pasouse a xurídico 2 inspeccións por incumprimento na xestión dado que se atoparon deficiencias na documentación (a maioría por falta de datos cubertos na documentación).

O grao de cumprimento (o cociente obtido do número de inspeccións enviada a xurídico polo total de inspeccións realizadas) para o ano 2022 é dun 14% o que indica unha situación Regular.

Estes tres últimos indicadores de cumprimento teranse en conta para o cálculo correspondente dos indicadores de xestión “Cumprimento da Normativa Ambiental” do Plan de Inspección Ambiental 2019-2024.